

PLAN DE TRABALLO DA ASIGNATURA DE MÚSICA

CURSO: 2º curso de E.P

PROFESORA: María Victoria Masid Fernández

ANO ACADÉMICO: 2024/2025

MATERIAIS REQUERIDOS: carpeta e estoxo.

PLAN DE TRABALLO:

A materia de música conta cunha carga horaria de 50 minutos á semana. En cada unha das sesións, e con independencia do traballo específico a tratar nelas, o establecemento dunha rutina diaria (información sobre a sesión, canción de benvida ou quecementos, parte principal, despedida ou relaxación) permitirá desenvolver e brindarlle ao alumnado:

-Automatización nalgunhas cuestións básicas a tratar ao longo de toda a etapa, axudando a aportar seguridade e confianza en si mesmo.

-Consecuentemente, fomento dun maior impacto no logro dos descritores a acadar, redundando, ademais, nun maior goce das actividades, especialmente naquelas que fan uso de aspectos específicos das linguaxes relacionadas coa música.

-Aclimatación dende o comezo da sesión como enfoque preparatorio para esta, a través da relaxación, atención e concentración, logrando, paralelamente, o emprego do silencio e da recepción activa, tan necesario para calquera das actividades a realizar na sesión.

A área de música e danza, coma se recolle no Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia desenvólvese a través dunha dobre dimensión: reflexiva e creativa, organizada en catro bloques de contido fundamentais que se desenvolverán de forma gradual e progresiva, estes son:

1. Educación musical: percepción e análise
2. Educación musical: creación e interpretación
3. Educación en artes escénicas e performativas: percepción e análise
4. Educación en artes escénicas e performativas: creación e interpretación

O traballo na materia está organizado ao redor de 3 unidades didácticas planificadas de xeito que teñan unha temporalización de carácter trimestral. Por outra banda, tamén se terán en conta as múltiples celebracións e actividades educativas do centro así como a contribución ao Proxecto Documental Integrado escollido polo mesmo, sempre que a temática sexa factible de traballar desde a materia, procurando unhas dinámicas variadas e flexibles.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN E PROMOCIÓN

Serán empregados diversos instrumentos de avaliación (escalas de observación, rexistro anecdótico persoal, análise das producións do alumnado, intercambios orais, probas específicas...) baseados nos criterios de avaliación que veñen recollidos no Decreto 105/2022 anteriormente citado.

Buscarase en todo momento facer partícipe ao alumnado da súa propia avaliación: coavaliación e autoavaliación.